2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo o interesado.

Boqueixón, 23 de decembro do 2016

O alcalde



Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

O 6 de xullo do 2016 co número de entrada 16/1411, don Jesús con domicilio en Ponte Ledesma presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, que está preto da súa vivenda, posto que está sen limpar a maleza (Leira número 430 do plano).

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón, que a parcela é a número 430 e o polígono o número 45, do lugar de Alargo de Balluca, Ponte Ledesma, propiedade de dona Esclavitude e don Manuel

Na Xunta de Goberno do 21 de xullo do 2016 requiríuselle ós propietarios da leira número 430, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, dona Esclavitude e don Manuel para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Jesús que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e que nos vindeiros anos, tendo en conta que a vostede se lle ven esixindo reiteradamente que proceda á limpeza ou corta, na leira número 430, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma (Requirimentos de limpeza na Xunta de Goberno do 7/10/2009, do 04/06/2015; requirimento de corta de piñeiro na Xunta de Goberno do 17 de xaneiro do 2007) e INFORMARLLE que a partir do ano 2017, procederase de oficio coa limpeza da citada leira e antes de que se inicie a época de perigo de risco de incendios forestais, se vostede non o fai.”

Con data 12 de agosto do 2016, co número de entrada 16/1759, don Manuel, propietario da parcela de monte número 430, polígono 45 “Alargo da Baiuca” – Ledesma, presenta escrito no cal alega que don Jesús pechou o camiño polo que viña accedendo á leira de monte. Que dita interrupción do acceso orixinou un litixio, pendente de sentenza e que dito feito non parece vir reflectido nos informes técnicos.

Que unha vez se dispoña de acceso para a leira procederase a realizar as periódicas limpezas para cumprir o sinalado no artigo 21 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia. Solicita que se teña por cumprido no presente ano co requirimento de limpeza e retirada de maleza e para vindeiras ocasións que se teña por coñecida a existencia do litixio.

Na Xunta de Goberno do 6 de outubro do 2016 acordouse:

“1. Rexeitar a alegación presentada por don Manuel no senso que como propietario da leira número 430, polígono número 45, pode entrar na mesma de xeito similar a como fixo en anteriores expedientes tramitados de limpeza/corta de biomasa vexetal por este concello.

2. Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa total limpeza de maleza na leira número 430, polígono número 45, do lugar de _____ - Ledesma, propiedade de don Manuel _____ e dona Esclavitude
3. Aprobar a memoria valorada de roza e limpeza da leira número 430, polígono número 45, do lugar de _____ - Ledesma, que sinala que os custos de execución subsidiaria ascenden a un total de 1.510 euros.
4. Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza ascenden a un total de **1.510 euros**, que terán que ser **aboados polos propietarios** da leira número 430, polígono número 45, lugar da _____ Ledesma, don Manuel _____ e dona Esclavitude
5. Dar traslado de copia do expediente a don Manuel
6. Dar trámite de audiencia os citados propietarios para que presenten, no seu caso, as alegacións que estime pertinentes.”

Con data 9 de novembro do 2016, rexistro de entrada 16/2441, don Manuel _____ presenta recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno de 6 de outubro do 2016.

Sinala que a leira carece actualmente de accesos, se ben nos derradeiros anos, persoalmente o dicente ou o concello, accedían á leira a través de accesos alternativos.

Sinala que unha empresa enviada polo concello, en novembro do 2015, realizou os traballos por 193,60 euros.

Sinala, así mesmo, que na valoración non se sinalan as especies vexetais que terán que ser retiradas e que non existe correspondencia coa parcela catastral, pois remíte foto aérea que se engade na páxina 4 (anexo I), na que a súa leira aparece claramente definida en cor verde claro e sen árbores arraigados sobre a mesma, agás un castiñeiro no lindeiro leste; mentres que a parcela catastral abarca, tanto unha zona con árbores no lindeiro oeste, como unha zona sen especies algunha no ángulo do vértice sur - leste.

Estima que a limpeza da leira de 719 m², aplicando custos medios de Tragsa ascende a 69,16 euros e si se aplica a ordenanza municipal ascende o custo a 89,40 euros.

Polo exposto e “por non ser axeitada á realidade a cantidade estimada para a realización dos traballos de roza e limpeza da leira da súa propiedade, solicita presentar recurso de reposición en tempo e forma e:

1. Deixar en suspenso o expediente de execución subsidiaria.
2. Anular a memoria valorada e o custe dos traballos a aboar.
3. Que se elabore unha nova memoria na que se fixen uns custes de limpeza e roza axeitados os reais de mercado para unha finca de 719 m², indicando cales son as especies que terán que ser obxecto de roza.
4. Darlle traslado da nova valoración, antes de acadar un novo, co fin de decidir si se fan os traballos de limpeza e roza por quen envíe o concello ou, directamente polo dicente.

Na Xunta de Goberno do 1 de decembro do 2016 acordouse rexeitar o recurso de reposición presentado por don Manuel _____ con data 9 de novembro do 2016 e proceder coa execución subsidiaria e en consecuencia coa roza, limpeza e xestión dos residuos de maleza existentes na leira número 430 polígono 45, do lugar Ledesma, propiedade de don Manuel _____ e dona Esclavitude _____, ata respectar as distancias dos 50 metros respecto do paramento da vivenda de don Jesús _____ así sinalado no artigo 21 da Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Según informe do técnico municipal de data 23 de decembro do 2016 : *"Feita cuarta inspección técnica no lugar de Ponte Ledesma, compróbase que na leira número 430 polígono 45, dedicada a monte, procedeuse coa limpeza da vexetación existente e a retirada da mesma, co cal non existe perigo de incendio.*

Respéctase o establecido no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Adxúntase reportaxe fotográfica."

Polo exposto RESOLVO:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra don Manuel e dona Esclavitude propietarios da leira dedicada a monte número 430, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, por proceder o mesmo cos traballos de limpeza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar o acordo os interesados.

Boqueixón, 26 de decembro do 2016

O alcalde



Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Resolución da alcaldía

Pagamento das axudas de custo ós concelleiros da corporación

Coa finalidade de aboar as axudas de custo dos membros da corporación pola asistencia ós distintos órganos colexiados, entre as datas 21/07/2016 - 31/12/2016, Resolvo:

1 Aprobar os importes desagregados dos distintos órganos que conforman a corporación, segundo as asistencias de cada un dos concelleiros:

PLENOS	30/08/2016	14/09/2016	09/11/2016	22/11/2016	7/12/2016	TOTAL
D. OVIDIO RODEIRO	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. MANUEL FERNÁNDEZ	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. M ^a CARMEN BOTANA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. ANTONIO GONZÁLEZ	120 €	120 €	0 €	120 €	120 €	480 €
D. ANA MARIA SEIJO	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. JESÚS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. JESÚS J. SANTASMARINAS	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. ALEJANDRO BERMÚDEZ	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. XABIER CANABAL	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. M ^a CARMEN SOUTULLO	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D. PERFECTO BARCALA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	600 €
D ^a ANA I. ALONSO TABOADA	0 €	0 €	0 €	0 €	120 €	120 €

XUNTAS DE GOBERNO	21/07/16	04/08/16	18/08/16	01/09/16	22/09/16	06/10/16	20/10/16	03/11/16	17/11/16
D. OVIDIO RODEIRO	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. MANUEL FERNÁNDEZ	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €
D ^a M ^a CARMEN BOTANA	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €
D. JESÚS SANJUÁS	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €



XUNTAS DE GOBERNO	1/12/2016	TOTAL
D. OVIDIO RODEIRO	0 €	0 €
D. MANUEL FERNÁNDEZ	120 €	1.200 €
D ^a M ^a CARMEN BOTANA	120 €	1.200 €
D. JESÚS SANJUÁS	0 €	0 €

COMISIÓN DE CONTAS	27/10/2016	TOTAL
D. MANUEL FERNÁNDEZ	120 €	120 €
D. ALEJANDRO BERMUDEZ	120 €	120 €
D.ª. M.ª CARMEN BOTANA	120 €	120 €
D. XABIER CANABAL	120 €	120 €
D. PERFECTO BARCALA	120 €	120 €

	TOTAL BRUTO	IRPF 15 %	TOTAL LÍQUIDO
D. OVIDIO RODEIRO	0 €	- €	0 €
D. MANUEL FERNÁNDEZ	1.920 €	288 €	1.632 €
D. M.ª CARMEN BOTANA	1.920 €	288 €	1.632 €
D. ANTONIO GONZÁLEZ	480 €	72 €	408 €
D. ANA MARIA SEIJO	600 €	90 €	510 €
D. JESÚS SANJUÁS	0 €	- €	0 €
D. JESÚS J. SANTASMARINAS	600 €	90 €	510 €
D. ALEJANDRO BERMÚDEZ	720 €	108 €	612 €
D. XABIER CANABAL	720 €	108 €	612 €
D. M.ª CARMEN SOUTULLO	600 €	90 €	510 €
D. PERFECTO BARCALA	720 €	108 €	612 €
D.ª ANA I. ALONSO TABOADA	120 €	18 €	102 €
TOTAIS	8.400,00 €	1.260,00 €	7.140,00 €

2 Comunicar á tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 912.233.00 do orzamento do ano 2016

Boqueixón, 26 de decembro de 2016


 O alcalde 
 Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

ALLEAMENTO PARCELA DE 241 METROS CADRADOS SITA NO LUGAR DE CACHOSENANDE - LESTEDO.

O Pleno da corporación que tivo lugar o 9 de novembro do 2016 acordou desafectar do dominio público o camiño que cruza a parcela número 135, sita en Cachosenande – Lestedo, propiedade de dona María Soledad

O camiño a desafectar está clasificado urbanísticamente como solo de núcleo rural tradicional e solo rústico de especial protección agropecuaria. Os metros cadrados a desafectar son 241 metros.

Este acordo estivo exposto ó público durante un mes e en dito prazo non se presentaron reclamacións.

O importe total da valoración da parcela , según o informe do técnico municipal ascende a 2.050 €.

A propietaria colindante solicitante da desafectación e venda é dona María Soledad

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A) O artigo 7.1) do regulamento de bens establece que se consideran bens patrimoniais as parcelas sobrantes e os efectos non utilizables e no apartado 2) establece que son parcelas sobrantes aquelas porcións de terreo que pola súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, non sexan susceptibles de uso adecuado.

B) O artigo 115.1) do mesmo regulamento establece que as parcelas sobrantes serán alleadas por venda directa ao propietario ou propietarios colindantes.

C) A disposición adicional segunda no seu apartado 1º, do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que corresponde ó alcalde a adquisición de bens inmobles, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe dos 3 millóns de euros.

Tendo en conta que a valoración é de 2.050 euros , o cal non supera o 10 % dos recursos ordinarios,

RESOLVO:

1. Allear a dona María Soledad . 241 metros cadrados da parcela sobrante ,
sita en Cachosenande – Lestedo, propietaria da parcela colindante número 135.

2. Clasificación urbanística: solo de núcleo rural tradicional e solo rústico de especial
protección agropecuaria.

3. Valoración económica:

Solo de núcleo rural tradicional : $193,00 \text{ m}^2 \times 10,00 \text{ €/m}^2 = 1.930,00 \text{ €}$

Solo rústico de especial protección agropecuaria: $48,00 \text{ m}^2 \times 2,50 \text{ €/m}^2 = 120,00 \text{ €}$

Total valoración : 2.050 , 00 €

4. Todos os gastos relativos a esta venta, escritura, rexistro e impostos se os houberse,
serán a cargo de dona María Soledad

5. Comunicar esta resolución á compradora, para os efectos que procedan.

Boqueixón, 26 de decembro de 2016

O alcalde



Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

Resolución alcaldía

Con data do 18 de novembro de 2015 saú publicada saú publicado no BOP nú., 221 as Bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ós concellos e outras entidades locais da provincia da coruña para actividades de promoción turística durante o ano 2016 (programa DP0007).

O 17 de de decembro de 2015, o Concello de Boqueixón, solicita axuda económica para executar as actividades de promoción turística.

Por resolución de presidencia número 13232 de 09.06.16 apróbase a concesión definitiva da subvención correspondente ó programa DP0007: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para actividades de Promoción Tuística durante o ano 2016, cod exp. 2015000007894. Obxecto: Potenciación Turística de Boqueixón por un importe de 2.995,06 €

Por todo isto, RESOLVO:

1.- Aprobar, aboar e imputar os gastos realizados para a execución das actividades incluídas dentro do proxecto, a subvención concedida, con identificación do nome da empresa, NIF, concepto, tipo de documento, data do documento, número de documento:

Descrición do gasto	Acredor	NIF Acredor	N.º Factura	Data Emisión Factura	Importe Total Factura
EXPOSICIÓN "O Pico Sacro no Códice Calixtino"	LauCreaciones soluciones de impresión Laugrupo		G 161179	26/12/2016	2.294,93 €
Deseño e impresión de material de promoción turística	SCP Comunicación e Publicidade		1264	26/12/2016	700.59 €
TOTAL GASTO					2.995,52 €

2.- Comunicar á tesourería do Concello de Boqueixón este acordo para aboar as facturas correspondentse do gasto realizado ás empresas anteriormente relacionadas na táboa.

Boqueixón, 26 de decembro de 2016

A circular official stamp of the Concello de Boqueixón is partially obscured by a handwritten signature in black ink. The stamp contains the text 'CONCELLO DE BOQUEIXÓN' and 'ALCALDE'.

Manuel Fernández Munín
O alcalde de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Na sesión plenaria que tivo lugar o 7 de decembro do 2016 procedeuse co nomeamento de novo alcalde, polo que procede á designación e o nomeamento dos concelleiros – delegados para a dirección interna e xestión dos correspondentes servizos. Por este motivo,

RESOLVO:

Designar as seguintes Concellarías e nomear concelleiros–delegados para a dirección interna e xestión do servizo correspondente a:

Don Manuel Fernández Munín	Alcaldía Secretaría municipal, asuntos protocolarios, relacións institucionais, relación coas comunidades residentes no exterior, promoción do concello, persoal, xestión económica e administrativa, control financeiro e orzamentario, xestión tributaria, xestión de obras públicas, ordenación urbanística, coordinación de investimentos en infraestruturas, vías e obras, vivenda e expropiacións.
Dona María Carmen Botana Cebeiro	Área – Concellaría de educación, cultura e deportes Promoción cultural, políticas de educación e deportes, xestión de axudas e subvencións, xestións dos locais socioculturais e infraestruturas deportivas.
Don Jesús Sanjuás Mera	Área – Concellaría de servizos xerais, seguridade e medio ambiente Programa de recollida do lixo, mantemento e limpeza de contedores, composteiros e reciclaxe, servizo de limpeza viaria, beirarrúas e áreas recreativas. Programa de mantemento de pistas forestais, programa de rozas, programa de control e supervisión de consumos e subministracións eléctricas, revisión de contadores, programa de limpeza e mantemento de edificios públicos (colexio, instituto, centros de saúde, rede de centros socio - culturais, pavillóns polideportivos, ximnasio), programa de “fochas cero”, xestión do punto limpo,

	transporte metropolitano, abastecemento e saneamento, protección civil, seguridade cidadá, parques e xardíns, protección ambiental e defensa contra incendios.
Don Antonio González Barral	<p>Área – Concellaría de industria, comercio, novas tecnoloxías e innovación</p> <p>Parques empresariais, comercio, protección o consumidos, feiras e promoción económica, implantación das novas tecnoloxías e dinamización tecnolóxica.</p>
Dona Ana María Seijo Mosquera	<p>Área – Concellaría de servizos sociais e igualdade</p> <p>Atención á terceira idade, discapacitados e colectivos en risco de exclusión, coordinación dos programas de dependencia e cobertura das necesidades sociais básicas, políticas de igualdade social, coordinación CIM e políticas de igualdade de xénero.</p>
Don Jesús José Santasmarinas Devesa	<p>Área – Concellaría de terra e monte</p> <p>Desenvolvemento rural, agricultura, gandería e montes, industrias derivadas destes sectores, concentracións parcelarias.</p>
Don Alejandro Bermúdez Devesa	<p>Área – Concellaría de formación, emprego, turismo e desenvolvemento local</p> <p>Programas formativos e de desenvolvemento local, promoción turística, protección do patrimonio histórico e artístico.</p>
Dona Ana Isabel Alonso Taboada	<p>Área – Concellaría de xuventude e voluntariado</p> <p>Programas e políticas de xuventude e voluntariado xuvenil.</p>

Boqueixón, 27 de decembro do 2016

O alcalde,



Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Aprobación da certificación da obra do POS 2016 e da factura do control de calidade correspondente.

Certificación núm. 2 e final do Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros

Con data 1 de setembro de 2016, asínase o contrato coa empresa Martínez Montes e Hijos, SL para a realización da obra Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros incluída no Plan Pos 2016, por importe de 37.389,00 euros.

Na Xunta de Goberno realizada o día 17 de novembro de 2016, aprobouse a certificación núm. 1 desta obra, por un importe de 17.138,49 euros, que foi presentada neste concello pola empresa adxudicataria. No mesmo acordo, aprobouse reterlle do importe total da certificación, o importe correspondente ó control de calidade que a empresa deberá aboar, segundo a porcentaxe ofertada na súa proposta económica. (4% do orzamento de execución material)

Con data 20 de decembro a empresa Martínez Montes e Hijos, SL presenta a certificación núm. 2 e final da obra por importe de 20.250,51 euros. Por outro lado, con data 30 de novembro de 2016 a empresa Eptisa, SL presenta a factura correspondente ós controis realizados na obra por importe de 896,61 euros.

Polo tanto, á vista de todos os antecedentes e coa finalidade de xustificar a realización da obra ante a Deputación da Coruña, Resolvo:


1 Aprobar a certificación núm. 2 e final da obra Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros incluída no Plan Pos 2016, por importe de 20.250,51 euros, presentada pola empresa adxudicataria Martínez Montes e Hijos, SL.

2 Aprobar a factura núm EE0160435 emitida por Eptisa, SL polos controis de calidade realizados na obra referida e por importe de 896,61 euros

3 Comunicar a Tesourería que debe facer o pagamento de ambas facturas, tendo en conta que á empresa Martínez Montes e Hijos, SL se lle debe descontar o importe facturado pola empresa Eptisa,SL (20.250,51 - 896,61 = 19.353,9 euros).

Polo tanto o importe que se lle debe aboar a Martínez Montes e Hijos, SL é de 19.353,9 euros e a Eptisa, SL 896,61 euros.

Boqueixón, 27 de decembro de 2016

The image shows the official seal of the Ayuntamiento de Boqueixón. The seal is circular and contains the coat of arms of the town, which features a crown on top and a shield with various symbols. The text 'AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN' is visible around the perimeter of the seal. Overlaid on the seal is a handwritten signature in black ink.

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Resolución da Alcaldía

Aprobación da certificación da obra do PAS 2015 e da factura dos control de calidade correspondente.

Certificación núm. 1 do Camiño de Ramil a área recreativa e outros

Con data 18 de outubro de 2016, asínase o contrato coa empresa Oviga, SL para a realización da obra Camiño de Ramil a área recreativa e outros incluída no Plan PAS 2015, por importe de 26.147,28 euros.

Na cláusula segunda do contrato figura que lle será retido da certificación da obra o importe correspondente ó 4% do orzamento de execución material, que será destinado ó pagamento do control de calidade externo, tal e como figura nos pregos da contratación e na oferta presentada pola empresa.

A empresa que realiza os controis, Eptisa, SL presenta un presuposto por importe de 1.853,37 euros + IVE para a elaboración dos correspondentes ensaios e probas dos diferentes controis a realizar, que é aceptado.

Con data 2 de decembro a empresa Oviga, SL presenta a certificación núm. 1 da obra por importe de 26.147,28 euros. Por outro lado, con data 27 de decembro de 2016 a empresa Eptisa, SL presenta a factura correspondente ós controis realizados ata o de agora na obra por importe de 990,23 euros.


Polo tanto, á vista de todos os antecedentes a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a certificación núm. 1 da obra Camiño de Ramil a área recreativa e outros incluída no Plan PAS 2015, por importe de 26.147,28 euros, presentada pola empresa adxudicataria Oviga, SL.

2 Aprobar a factura núm EE0160480 emitida por Eptisa, SL polos controis de calidade realizados na obra referida e por importe de 990,23 euros

3 Comunicar a Tesourería que debe facer o pagamento de ambas facturas, tendo en conta que á empresa Oviga, SL se lle debe descontar o importe facturado pola empresa Eptisa,SL (26.147,28 - 990,23 = 25.157,05 euros). Polo tanto o importe que se lle debe aboar a Oviga, SL é de 25.157,05 euros e a Eptisa, SL 990,23 euros.

Boqueixón, 27 de decembro de 2016

 *Manuel Fernández Munín*
Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

Resolución alcaldía

Con data do 18 de novembro de 2015 saíu publicada saíu publicado no BOP núm. 221 as Bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ós concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para actividades de promoción económica durante o ano 2016 (programa FOAYAA).

O 17 de de decembro de 2015, o Concello de Boqueixón, solicita axuda económica para executar as actividades de promoción económica

Por resolución número 11.715 de 24.05.16 apróbase a concesión definitiva da subvención correspondente ó programa FOAYAA: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para actividades de Promoción económica durante o ano 2016: cód. exp. 2015000007900. Obxecto: Impulso ó desenvolvemento económico, fomento do emprego e apoio ó comercio de Boqueixón.

Con cargo a esta subvención se executa o deseño e impresión de trípticos para a promoción e publicidade dos produtos locais e, asemesmo, ensalzar os beneficios da horta e o consumo do grelo de Boqueixón: “Manxares de Boqueixón” e “Horta de Boqueixón”.

Por todo isto, RESOLVO:


1.- Aprobar, aboar e imputar os gastos realizados para a execución desta actividade, a subvención concedida, con identificación do nome da empresa, NIF, concepto, tipo de documento, data do documento, número de documento:

Descrición do gasto	Acredor	NIF Acredor	N.º Factura	Data Emisión Factura	Importe Total Factura
Deseño e impresión de folletos “Manxares de Boqueixón” e “Horta de Boqueixón”	Grafidez		0415/2016	27/12/2016	1.550 €

2.- Comunicar á tesourería do Concello de Boqueixón esta resolución para aboar a factura correspondente do gasto realizado á empresa anteriormente relacionada na táboa.

Boqueixón, 28 de decembro de 2016

Manuel Fernández Munín
O alcalde de Boqueixón





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Resolución alcaldía

Con data do 18 de novembro de 2015 saíu publicada saíu publicado no BOP nú., 221 as Bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ós concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos en promoción turística durante o ano 2016 (programa DP0006).

O 17 de de decembro de 2015, o Concello de Boqueixón, solicita axuda económica para executar as actividades de promoción turística.

Por resolución de presidencia número 15.077 de 27.06.16 apróbase a concesión definitiva da subvención correspondente ó programa DP0006: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para investimentos en Promoción Turística durante o ano 2016, cod exp. 2015000007898. Obxecto: Sinalización Turística de Lestedo por un importe de 3.498,12 €

Por todo isto, RESOLVO:

1.- Aprobar, aboar e imputar os gastos realizados para a execución da actividade incluídas dentro do proxecto da subvención concedida, con identificación do nome da empresa, NIF, concepto, tipo de documento, data e número de documento:

Descrición do gasto	Acredor	NIF Acredor	N.º Factura	Data Emisión Factura	Importe Total Factura
2 paneis de información turística	GRAFI-IDEAS, Diseño y Rotulación, SC		2016/583	28/12/2016	3.484,80 €

2.- Comunicar á tesourería do Concello de Boqueixón este acordo para aboar as facturas correspondentse do gasto realizado ás empresas anteriormente relacionadas na táboa.

Boqueixón, 28 de decembro de 2016

Manuel Fernández Munín
O alcalde de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 9 de xaneiro do 2017 ás 09.30 horas está prevista a asistencia, como demandado, o Concello de Boqueixón ó Xulgado de primeira instancia número 3 de Santiago de Compostela, en relación co seguinte asunto: xuízo verbal 0000440/2015.

O obxecto da citación é asistir á vista do xuízo. E tamén se a parte contraria o solicita e o xuíz o admite, contestar ó interrogatorio que aquela poida formular.

Non podendo asistir, por motivos persoais o alcalde do concello, don Manuel Fernández Munín a esta citación:

RESOLVO:

Delegar en dona María Carmen Novoa Sío, con DNI _____, arquitecta de Estudio Técnico Gallego SA, empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña), a asistencia á vista do xuízo para o vindeiro día 9 de xaneiro do 2017, en calidade de arquitecta municipal de Boqueixón, e contestar a todas aquelas cuestións que se formulen no mesmo.

Boqueixón, 29 de decembro do 2016

O alcalde

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Página 1 de 4
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Aprobación de facturas

Coa finalidade de realizar o pagamento das facturas rexistradas e que se imputan o exercicio presupostario do ano 2016, Resolvo:

Aprobar os seguintes listados de facturas que a continuación se desagregan:

Núm. 1

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Eurolingua Traducións, SC - Tradución español - inglés para exposición O Pico Sacro no códice calixtino	432.226.02	202,00
2	Alberto Pose Méndez - Colaboración programa reforzo educativo meses de outubro, novembro e decembro 2016	231.22799	719,70
3	Liquidación de gastos de Rosario Iglesias Iglesias - Adquisición complementos Papá Noel e Reis	334.22609	9,10
4	Ulla Oil,SL - Gasóleo A para depósitos municipais	162.1.22103	3.135,48
5	Piccadilly School of English,SL - Clases de inglés mes de outubro	334.22699	2.139,00
6	Piccadilly School of English,SL - Clases de inglés mes de novembro	334.22699	2.325,00
7	Liquidación de gastos de María Victoria Negrín Blanco - desprazamentos para actividades	920.23020	22,42
8	Deputación da Coruña - Anuncio presentación solicitudes Xuíz de Paz	920.22502	53,54
9	Deputación da Coruña - Anuncio expropiación forzosa finca Hrdos. José Raviña Devesa	920.22502	110,40
10	Liquidación de gastos de Ana Anta Fernández - gastos desprazamentos visitas domiciliarias e materiais para programa CoidarNos	231.23100	73,44
11	Gasóleos S. Benito,SL - Gasóleo A para vehículos municipais + gasóleo C para casa do concello e casa da cultura de Camporrapado	920.221.03 933.619.01	4.680,00
12	Materiales de construción Piñeiro - Materiais de construción para planta potabilizadora + campo de fútbol do Forte	161.21200 933.619.01	517,76
13	Liquidación de gastos de M ^a José Pereira Lareo por desprazamentos + materiais programas de dependencia e apoio educativo	231.23100	240,17
14	Viveiros Compostela - Custo consumibles e substrato de 19 xardineiras apadriñadas/amadriñadas que se atopan fora do convenio asinado coa empresa	171.21000	471,20
15	Grafidez, SL - Diplomas e tarxetón para a Ruta das Tapas	432.22602	43,56
16	Grafidez,SL - 1.900 calendarios impresos a cor - segundo presupostos solicitados	920.22001	883,05

17	Grafidez,SL - 1.900 revistas municipais impresas a cor - segundo presupostos solicitados	920.22001	1.454,34
18	Liquidación de gastos de Ricardo Romero Pérez - desprazamentos locais sociais para ximnasia maiores	920.23020	480,70
		Importe	17.560,86

A continuación transcribense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
19	Telefónica España, SAU - Consumo telefónica factura agrupada teléfonos fixos mes de novembro	920.22200	570,12
20	Telefónica Móviles España - Conceptos fóra da tarifa plana do 18/10/ ó 17/11 do 2016	920.22200	12,50
21	Vodafone - Servizo mensared do 15/11/2016 ó 14/12/2016	920.22200	14,54
22	Telefónica España, SAU - Conceptos fora da tarifa plana - móbiles mes de novembro	920.22200	4,30
		Importe	601,46

Núm. 2

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural Servizos, SDG SA pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 662,56 euros. Imputaranse á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2016.

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar Suministro	Data Emisión	Data Facturación
FE16321212310956	ES0022000007831162TV1P	264,54	Instituto do Forte, 9022 - Forte.	20/12/2016	28/07/16 a 30/08/16
FE16321212310959	ES0022000008842233FP1P	398,02	Campo de Fútbol, - Forte 9050	06/09/2016	28/07/16 a 30/08/16
	Total	662,56			

A continuación reflíctense as facturas emitidas por Gas Natural SUR SDG, SA pertencentes a diferentes puntos de alumeado público e que suman un total de 406,21 euros. Imputaranse á partida 165.221.00 do orzamento do ano 2016.

Nº de Factura	CUPS	Importe	Lugar suministro	Data emisión	Data facturación
16137007291482	ES0022000007107334QE1P	42,47	Lg. Rubio, 9796 A. Público	02/10/2016	30/08/16 a 28/09/16
16137007379971	ES0022000009091003JX1P	106,36	Polígono Ind. S0018 - Punto Limpo	02/10/2016	30/08/16 a 27/09/16
16137009190675	ES0022000007021264TH1P	257,38	Lg. Mareque, 9701 A.Público	30/10/2016	30/08/16 a 27/09/16
	TOTAL	406,21			

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

A continuación apróbanse as seguintes facturas relacionadas nos distintos listados, indicando as subvencións ás que se se imputan os seus importes:

Plan Pas 2015

Proxecto: Melloras no campo de fútbol de O Forte e outro

Importe: 36.058,06

Deputación da Coruña

Partida presupostaria: 933.619.01

Núm.	Proveedor	Importe
1	Talleres Sánchez Rey,SC - Reparación tractor Claas E-3799-BFV	792,77
2	Talleres Sánchez Rey, SC - Reparación desbrozadora e remolque de obras	912,62
3	General de Hormigones, SA - Servizo de bombeo + 17 m ³ de cemento (xa foi aboado en factura proforma)	1.447,24
4	General de Hormigones, SA - Servizo de 11,50 m ³ de cemento (xa foi aboado en factura proforma)	655,94
5	Gasóleos S.Benito , SL - gasóleo A para vehículos municipais (da factura núm. 1006 por importe total de 4.680,00 euros, impútanse a esta obra a cantidade de 2.910,00 euros)	4.680,00
6	Gasóleos S. Benito, SL - Gasolinas para maquinaria municipal de obras e servizos	142,44
7	Peycar Pontevedra,SL - Roupa de traballo cùadrilla de obras	629,20
8	Materiales de construción Piñeiro - Materiais de construción para planta potabilizadora + campo de fútbol do Forte (impútase a esta subvención a cantidade de 475,65 euros)	517,76
9	Materiales de construción Piñeiro - Materiais de construción para o campo de fútbol do Forte	2.408,41

Melloras nos acabados interiores da Casa do Concello

Importe: 6.189,98

Deputación da Coruña

Núm.	Proveedor	Importe
1	Bisel Deza, SL - Porta automática con vidro laminar 5+5 incoloro	3.509,00
2	Luis Raviña, SC - Arranxo pasamanos escaleiras concello	248,05

Rede Cultural 2016


Importe financiado pola Deputación: 75% do custo de cada actuación

Achega concello: 25%

Núm.	Proveedor	Importe
1	Martín Camiña Serén - Actuación maxia espectáculo Feitizo, Casa da Cultura de Camporrapado dia 23 de decembro	1.100,00

Boqueixón, 29 de decembro de 2016

O alcalde



Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Página 1 de 2
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobación de facturas

Con motivo do remate do ano e tendo que facer os pagamentos das facturas recibidas no mesmo e que se imputan ó exercicio 2016, Resolvo:

Aprobar os seguintes listados de facturas que a continuación se desagregan:

Núm. 1

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Eptisa, SL - Control de calidade da obra dos colectores de saneamento do polígono industrial (a aboar por Oviga, SL)	160.60000	1.778,70
2	Liquidación de gastos de José Gonzalo Torres Gil - Aboamento ITV dos vehículos Fiat Scudo 5530 GZZ e 1600 GZL	135.213000	92,70
		Importe	1.871,4

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
3	Compostela Digital, SL - Mantemento informático mes de decembro	920.21600	594,00
		Importe	594,00

Aprobación de facturas con cargo a subvencións

A continuación apróbanse as seguintes facturas relacionadas nos distintos listados, indicando as subvencións ás que se imputan os seus importes:

Plan Pas 2015

Proxecto: Melloras no campo de fútbol de O Forte e outro

Importe: 36.058,06

Deputación da Coruña

Partida presupostaria: 933.619.01

Núm.	Proveedor	Importe
1	Ferliño, SL - Aluguer vibrador + garras para muro campo de fútbol do Forte	453,75

Actividades Culturais 2016

Importe: 8.047,47 euros

Deputación da Coruña

Núm.	Proveedor	Importe
1	Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL - Obradoiros creativos (nadal activo)	508,2

Melloras nos acabados interiores da casa do concello

Importe: 6.189,98 euros

Deputación da Coruña

Núm.	Proveedor	Importe
1	Pinturas Boqueixón, SL - Pintura e material para pintado casa do concello	1.694,00

Boqueixón, 30 de decembro de 2016



 Alcalde

 Manuel Fernández Munín



Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

correo@boqueixon.es

C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n

15881 Boqueixón (A Coruña)


Resolución da alcaldía

Aprobación de xeracións de crédito

Visto o informe emitido pola secretaria -interventora accidental con relación á ampliación de crédito, polo importe que se indica, resolvo aprobar as seguintes xeracións de crédito:

Partida		Importe	Xustificación
432	226.02	3.000,00 euros	Festa da Filloa de Lestedo - Xunta de Galicia
334	226.09	2.849,47 euros	Actividades Culturais 2016- Deputación da Coruña (diferenza entre o consignado e o concedido)
432	22199	3.498,12 euros	Sinalización turística de Lestedo - Deputación da Coruña
241	14300	3.000,00 euros	Subvención Orientación Laboral - Xunta de Galicia - (diferenza entre o consignado e o concedido)
920	62000	3.509,00 euros	Subv. Interiores concello - Deputación da Coruña - Porta automática oficinas xerais
920	21200	248,05 euros	Subv. Interiores concello - Deputación da Coruña - Arranxo pasamanos
160	600.00	3.354,78 euros	Taxas ADIF autorizacións obra colectores - OVIGA SL
1532	21200	838,90 euros	Ingreso seguro MAPFRE por danos farola
432	22199	2.995,06 euros	Potenciación turística de Boqueixón - Deputación da Coruña
920	22100	1.694,00 euros	Pintura casa do concello - Subvención Interiores concello - Deputación da Coruña

Boqueixón, 29 de decembro de 2016



Manuel Fernández Munín



Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Resolución da alcaldía

Prórroga presuposto municipal ano 2017

Debido a que a esta data non se ten aprobado o presuposto xeral para o ano 2017,

Resolvo:

1 Prorrogar o presuposto xeral municipal do exercicio 2016, de acordo coas seguintes condicións:

- Non se prorrogan as modificacións de crédito efectuadas durante o ano 2016.
- Non se prorrogan os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio 2016.
- Non se prorrogan os créditos financiados con outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, foran a percibirse no exercicio 2016.
- Non se prorrogan os créditos dos capítulos VI a IX correspondentes ó ano 2016.

2 Comunicar esta resolución a Intervención e Tesouraría.

Boqueixón, 30 de decembro de 2016.

O alcalde



Manuel Fernández Munín